

Valentín Paz Andrade no Museo. Prólogos



1948

LIM I A R

O libro que pol-a tua man de lector —ou pol-a miña de superposto escribidor— se deixa follear agora, escomenza por ter certa singularidade compositiva. Puderálle vir do seu bilingüismo en alternación. Coido, emporiso, que máis ben remanece de unha curva de nivel pouco aparente. A que puidera conxurar nas súas páxinas o fluxo de dúas linguaxes, dando ao termo acepción elástica. Dúas linguaxes, unha gráfica e literaria a outra. A das imaxes e a das palabras.


Se antepoño unhas a outras, non é a fume de pallas. Máis ben coido que responda ao feito plástico de se atopar nas primeiras a razón das segundas. E por ser aquélas o elemento arquetípico, que o autor vai amorosamente desveando nos xiros do seu ruar.

Poidera o pulo perquisitivo ficar varado, senón envarado, no que dera en chamarse "coor local". Ou non ser levado máis alá de certo ollecer trasnoitado sobre das sombras de outra idade. Ou aínda ficar en repaso esvaradizo de serodías estampas vilegas.

Mais no caso, nin o lector nin o prefaciador veñen expostos a semellante risco. A lectura faise atraente e suxestiva. Oferece quentura e fluencia limpas. Ao simple oficio da descripción, xúntase outro elemento na mesma pluma. O que puidera configurar a razón sávida. A que acaba por tinguir a prosa no sabor do tempo chovido, sacando outra cara a pedra dos muros e as laxes. Algo que sempre semella ser —si se acerta a apañar— moito máis que o falso epitelo do patinado.


Tanto as estampas como as prosas, en canto trasuntos de realidade esmorecente, arrecenden ao Vicus spacorum. O díptico da nominalia an-terga de máis uso e abuso nos cantos louvatorios da cidade. De un e de outro vocábulo mellor se aprecian as imaxes acústicas que o seu contido semántico. Maiormente en canto ao segundo.

Valentin Paz Andrade no Museo. Prólogos



1974

Valentin Paz Andrade no Museu. Prólogos



1977

PEDRO DIAZ ALVAREZ

LA CARACOLA DE PIEDRA

(Premio Municipal Antonio Palacios)
RECONQUISTA-82



VIGO, MCMLXXXII

PREFACIO

NO PRINCIPIO... O MAR

Na fronteira do tempo foi o misterio do mar. O mensaxe da onda atlántica, grávida de claves biolóxicas, batendo nas areas anónimas. O bico salgado que á terra chegaba da Ría, sin nome aínda nos cartularios amarelos.

Pasaron séculos sobre daquele namoro cósmico. O namoro inxel da terra e do mar. Longos descalendados séculos escuros. Ninguén semellaba sospeitar que as nupcias do chan e da ola se tornarian en fonte de enerxía creacional. Até que un día o home, denantes fuxideiro ou esvaradizo, acougóu a carón do miragre azul. O día de afinar seus pes na ribeira para lle dar resposta á chamada da Natureza. Para descifrar a primeira clave. Para se por a labrar nos eidos do enigma líquido.

Da noite para a mañán, o bico das ondas transmudóu en vicus. Aldeia, lugar curto, asegún o lexicon latino de Valbuena¹. Transmudóu de seo esquecido, de virxinidade xeográfica en eixo nucleador, en recanto

ENSAYO
DE UNA HISTORIA
DE LOS PECES

Y OTRAS PRODUCCIONES MARINAS
DE LA COSTA DE GALICIA,
ARREGLADO AL SISTEMA
DEL CABALLERO

CÁRLOS LINNEO.

CON UN TRATADO
De las diversas Pescas, y de las Redes
y Aparejos con que se practican.

*POR DON JOSEPH CORNIDE,
Académico honorario de la de Historia,
vecino de la Coruña.*



AÑO DE MDCCLXXXVIII.
EN LA OFICINA DE BENITO CANO.

Publicación da Área de Ciencias Marinas do
SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS
por Valentín Paz-Andrade

